

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 16/12/2019**
(Extracto en http: sede.vilagarcia.gal - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCÍA SANTIAGO
JOSE MARÍA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 16/12/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-dic-2019, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/5623

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunicase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 16 de decembro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conjuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 16 de decembro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

| PROVEDOR | CIF | PROPOSTA A APROBAR | DATA XGL | CUMPRE LÍMITES |
|--------------------------|-----------|--------------------|------------|----------------|
| PEYCAR PONTEVEDRA, S. L. | B36112043 | 2.436,70 € | 16/12/2019 | SI |

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/5597

Visto o escrito de Dona Josefa Marín Petrovich, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros na Praza de Galicia do 20 de decembro de 2019 ao 6 de xaneiro de 2020. Visto

o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a instalación, debendo colocar o posto xunto ao actual posto das garrapiñadas.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns, con atención especial ao paso da Cabalgata de Reis e actos de Nadal.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvimento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/5598

Visto o escrito de Dona María de Los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía, solicitando autorización para instalar unha carpa na confluencia das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, o día 21 de decembro, en horario de 10:00 a 15:00 horas para captación de socios. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización **para a instalación da carpa na Rúa Valentín Viqueira.**

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns, con atención especial ao paso da Cabalgata de Reis e actos de Nadal.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na misma.
- Durante o desenvolvimento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/5599

Dáse conta do escrito do Instituto Nacional de Estatística comunicando que, finalizado o procedemento para a obtención da proposta de cifras oficiais de poboación previsto na Resolución de 20 de xullo de 2018, a cifra de poboación resultante da revisión do Padrón Municipal referida a 1 de xaneiro de 2019 é de 37.456 habitantes.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/5600

Visto o escrito de D. Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros o día 5 de xaneiro en Praza Ravella, con motivo da Cabalgata de Reis. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/5601

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2019 de aprobación orzamento de Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro dunha cadeira para o Servizo de Turismo, figurando no mesmo, por un importe total de 351,38 € (IVE incluído), e debendo figurar **por un importe total de 290,40 € (IVE incluído)**.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2019/5617

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas no que se indica que a Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2019 acordou aprobar o orzamento presentado por TRANS IBAI PORT, SL por 150 horas da pá Retro Domatlsu 175w para preparación de terreos para aparcamentos disuasorios, por un importe total de 8.167,50 € (IVE incluído).

Dado que do citado orzamento quedan por utilizar 65 horas que farían un importe de 3.539,25 € (IVE incluído) que non se van a consumir, a Xunta de Goberno Local acorda o reintegro da citada cantidade á partida orzamentaria correspondente.

RECURSOS HUMANOS

PRP2019/5604

Dáse conta de proposta da Concellería de Persoal e informe do Negociado de Recursos Humanos en relación coa Cotización becarios de prácticas no laborales por convenios con centros educativos.

ANTECEDENTES

-Cotización polos/ as bolseiros/ as (prácticas non laborais).-

a) Referímonos con esta denominación a aqueles estudiantes, ben universitarios ou de formación profesional, que realizan, nas empresas, prácticas relacionadas cos seus estudos, en base, para iso, a un acordo ou convenio de colaboración subscrito entre aquellas e os seus respectivos centros docentes. Obviamente, a relación dos/ as bolseiros/ as con esas empresas non é laboral.

b) Xa se anunciaron a finais do ano 2018, coa publicación da Real Decreto-Lei 28/2018, do 28 de decembro, modificacións importantes en canto á cotización destes bolseiros/ as á Seguridade Social, con obvio detrimento, polo seu custo, desta figura. Variacións que se materializaron a través do artigo 44.3 da Orde de cotización obxecto desta Circular.

c) Respecto diso, entendemos conveniente fazer unha breve exposición comparativa desta cuestión, ata decembro de 2018 e a partir de xaneiro de 2019 xa que as variacións, como apuntabamos, son relevantes a efecto empresariais.

d)Ata o 31.12.2018 as prácticas en empresas destes/ as bolseiros/ as podían ser:

•Non retribuídas, non sendo entón obligatoria o alta na Seguridade Social e sen obrigación, por iso, de cotizar.

•Retribuídas que, á súa vez, podían ser:

-Curriculares, cando as prácticas eran obligatorias para completar os estudos. Neste caso, bonificábase a totalidade da cotización sendo, por conseguinte, o seu custo cero tanto para as empresas como para os bolseiros/ as.

-Non curriculares, cando non eran obligatorias, a teor do plan de estudos, senón voluntarias por parte dos/ as bolseiros/ as. Neste caso, a cotización á Seguridade Social era a mesma que se aplicaba aos contratos de traballo de formación e para a aprendizaxe.

e) A partir do 01.01.2019, desaparece esta distinción, para os efectos de Seguridade Social indicados, sendo obligatorio cotizar por todos/as os/as bolseiros/ as, sen distinción, sexan as prácticas que realicen retribuídas ou non retribuídas:

• Polo que se refire ás primeiras, derrogárónse a totalidade das anteriores bonificacións. Por tanto, sexan as prácticas curriculares ou non curriculares (extracurriculares) deberase cotizar á Seguridade Social por estes/ as bolseiros/ as.

• Polo que respecta ás non retribuídas, estamos á espera do desenvolvimento regulamentario nesta materia prevista na Disposición Adicional 5ª do citado Real Decreto-Lei 28/2018, do 28 de decembro, establecéndose para iso un prazo de 3 meses.

f) Os importes dessa cotización son os seguintes:

•Continxencias comúns: 51,05 € mensuais, dos que 42,50 € son a cargo da empresa e 8,49 € a cargo do bolseiro/a.

Continxencias profesionais: 5,85 €mensuais, a cargo exclusivo da empresa.

| CONCEPTO | EMPRESA | TRABALLADOR | TOTAL |
|--|---|-------------|--------|
| Por Continxencias Comúns | 42,56€ | 8,49€ | 51,05€ |
| Por Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais | IT: 3,27€ Incapacidade, Morte e Supervivencia: 2,58€ | | 5,85€ |

Por todo o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Se proceda á cotización empresarial con data 1 de xaneiro de 2020 respecto dos/as becarios/as que na actualidade están realizando prácticas no Concello da clase que sexan ao amparo dos convenios suscritos coas institucións educativas correspondentes e segundo os importes anualmente obligatorios na lexislación de aplicación que para o ano 2019 son os seguintes:

| CONCEPTO | EMPRESA | TRABALLADOR | TOTAL |
|--|---|-------------|--------|
| Por Continxencias Comúns | 42,56€ | 8,49€ | 51,05€ |
| Por Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais | IT: 3,27€ Incapacidade, Morte e Supervivencia: 2,58€ | | 5,85€ |

Segundo: Tendo en conta que para poder proceder á cotización da parte correspondente ao becario/a debe existir unha retribución mínima sobre a que proceder a practicala, e considerando que o custo promedio de seguros sociais do persoal do Concello de Vilagarcía é do 29%, acórdase fixar unha compensación pola realización de prácticas seguinte:

Estudos Universitarios, Postgrao ou Máster: 200€ mes

Estudos Grao Superior de FP: 180€ mes

Outros estudos: 160€ mes

Terceiro. A partir da adopción deste acordo, os becarios que realicen prácticas no Concello, serán dados de alta na Seguridade Social e cobrarán a compensación citada dende o inicio das prácticas.

PRP2019/5615

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de novembro de 2019, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €.

PRP2019/5616

Acórdase o recoñecemento de obligación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de novembro de 2019, por un importe total de 5.350,00 € e con cargo á partida 912.233:

| CARGO ELECTO | Nº sesións Plenos e XGL | ASISTENCIAS PLENOS e XsGL | Nº sesións Comisiones informativas | ASISTENCIAS COMISIÓN INFORMATIVAS | TOTAL EUROS |
|------------------------------------|-------------------------|---------------------------|------------------------------------|-----------------------------------|-----------------|
| D. ARGIMIRO SERÉN MERA | 4 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 630,00 |
| Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ | 5 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 760,00 |
| D. DIEGO GARCIA SANTIAGO | 5 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 760,00 |
| D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO | 5 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 760,00 |
| Dª MATILDE LAYA LORENZO | 5 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 760,00 |
| D. ALFONSO RAMON GLEZ GALLEGOS | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN | 1 | x 130,00 € | --- | x 110,00 € | 130,00 |
| Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ | --- | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 110,00 |
| D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| T O T A L | | | | | 5.350,00 |

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/5605

Dáse conta da existencia dun erro na proposta aprobada na Xunta de Goberno Local de data 7 de outubro de 2019, de sinatura do convenio nominativo coa Entidade Solidariedade Galega do Pobo Saharaui, figurando no mesmo:

... "por un importe de 3.000 € con cargo á partida 231.4802" ...

E debendo figurar:

... "por un importe total de 3.000 € con cargo ás partidas 231.48002 (1.500 €) e 320.489 (1.500 €)" ...

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

EMPREGO

PRP2019/5536

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por IMPEX EUROPA SL

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5537

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por D. DAVID AGRA PARADA.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5538

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por DONA TAMARA MOLARES OTERO

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5539

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por JELFIMAR SL

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5540

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por MADISON AV, S.C.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5541

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por INSTALACIONES ECOVILA SL

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5545

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por D. Ignacio Rojo Pereiro.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5547

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Dona Maria Pilar Vilán Hernández.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5549

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por D. David Vila Martos.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5550

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por D. Miguel Angel Rodríguez Ureba

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5552

Dáse conta do escrito presentado por INFORMACIÓN DIRECTA S.L. CIF B-363977578 con domicilio en Rúa Moreira Casal nº 18 Bajo, 36600 de Vilagarcía de Arousa, dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, no que renuncia á subvención concedida, e aporta resgado bancario acreditativo da súa devolución.

Á entidade solicitante concedéuselle axuda dentro do Programa de Axudas á contratación por conta allea, por contía de DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS, (2.250,00 €).

Visto o escrito presentado xunto co resgado bancario de devolución da cantidade recibida, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia presentada e o reintegro do importe devolto (2.250,00 €) á partida orzamentaria correspondente ao Programa.

PRP2019/5553

Dáse conta do escrito presentado por INFORMACIÓN DIRECTA S.L. CIF B-363977578 con domicilio en Rúa Moreira Casal nº 18 Bajo, 36600 de Vilagarcía de Arousa, dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, no que renuncia á solicitude formulada.

Visto o escrito presentado xunto co resgado bancario de devolución da cantidade recibida, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia presentada e o arquivo do expediente 0819-0717 correspondente ao Programa de axudas á contratación por conta allea 2019.

PRP2019/5564

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa solicitude presentada por D. Antonio Barreiro Moroño, en representación da Entidade AYM, CB, titular do establecemento "LA BOLSA", situado en Rúa Méndez Núñez nº 21-Baixo, no que solicita a ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis ata as 7:00 horas.

Dásde conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece no Artigo 5º.- "Competencia para horarios especiais. 5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:

a) Festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares.

....)

c) Cando o requira a duración do espectáculo.

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario ata as 04:00 horas, e polo tanto informa favorablemente a ampliación de horario de peche, con motivo da celebración das citadas festividades.

| Nº DE EXPTE XUNTA | LOCAL | Nº EXPTE. CONCELLO | TITULAR | TIPO ACTIVIDADE AFORO LOCAL | DE LUNS MERCORES E FESTIVOS Límite horario Art. 1 e tendo conta ampliación 1/2 hora (Art. 2) Orde 16/06/2005 | A FESTAS DE NADAL Límite horario Art. 2 e tendo conta ampliación 1 hora (aRT. 5) Orde 16/06/2005 | HORARIO ESPECIAL SOLICITADO A XUNTA |
|-------------------|----------|-----------------------|---------|-----------------------------|--|--|-------------------------------------|
| HE-57/19 | LA BOLSA | PROMECON/2019 /000219 | AYM CB | 2.7.2. BAR 24 persoas | Pasa de 02:30 hs. a 03:00 hs. | Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs. | ATA AS 7:00 HS. |

PRP2019/5565

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa solicitude presentada por D. Victor Manuel Lemiña Cores, en representación da Entidade Proyectos Intermel SL, titular do establecemento "GIN TONIC", situado en Rúa Juan García 29-Baixo, no que solicita a ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis ata as 7:00 horas.

Dásde conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece no Artigo 5º.- "Competencia para horarios especiais. 5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:

a) Festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares.

....)

c) Cando o requira a duración do espectáculo.

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o

incremento do horario ata as 04:00 horas, e polo tanto informa favorablemente a ampliación de horario de peche, con motivo da celebración das citadas festividades.

| Nº DE EXPTE XUNTA | LOCAL | Nº EXPTE. CONCELLO | TITULAR | TIPO DE ACTIVIDADE AFORO LOCAL | DE LUNS A MERCORES E FESTIVOS Límite horario Art. 1 e tendo conta ampliación 1/2 hora (Art. 2) Orde 16/06/2005 | FESTAS DE NADAL Límite horario Art. 2 e tendo conta ampliación 1 hora (aRT. 5) Orde 16/06/2005 | HORARIO ESPECIAL SOLICITADO A XUNTA |
|-------------------|-----------|--------------------------------|-------------|--------------------------------|--|--|-------------------------------------|
| HE-56/19 | GIN TONIC | PROMECON/2019/PROYECTOS 000220 | INTERMEL SL | 2.7.2. BAR 24 persoas | Pasa de 02:30 hs. a 03:00 hs. | Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs. | ATA AS 7:00 HS. |

PRP2019/5567

Visto o informe da área de Promoción Económica, relativo á xustificación final do XOGO DAS MOEDAS MÁXICAS e a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- APPROBAR o aboamento á Asociación Centro Comercial Aberto Zona Aberta CIF G36256048 da cantidad de SEISCENTOS VINTE EUROS (620,00 €) - RESERVAR a cantidad de 60,00 € (correspondentes ás seis moedas devoltas), que se solicitaron en concepto de cantidades adiantadas pola Asociación aos vendedores da praza beneficiarios dos premios, tramitándose no departamento de Promoción económica expediente cividas PROMECON/2019/000172. Tendo en conta, en todo caso, o prazo establecido no requerimento efectuado a asociación de vendedores da Praza de Abastos, para que procedan á subsanación das deficiencias observadas na xustificación
- Reintegrar á partida de procedencia 334-48100 do orzamento vixente, a cantidad sobrante, isto é (CINCO CENTOS OITENTA EUROS (580,00 €)

PRP2019/5570

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa solicitude presentada por D. Jesús Lindner Santos, titular do establecemento PUB DOLCE VITA, situado en Avda. da Mariña nº 98, baixo, no que solicita ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis, ata as 8.00 horas (Expte. HE-54/19).

Dáse conta do informe emitido pola responsable das licencias de Actividades, no que se indica:
PRIMEIRO. A solicitude formulada polo establecemento abrangue ás datas de Noite Boa, Fin de ano e Reis, datas nas que efectivamente concorre a excepcionalidade reflectida no artigo 5.2 da Orde de 16 de xuño de 2005.

SEGUNDO. No relativo á existencia de causas que impidan o outorgamento de autorización, nos termos do artigo 5.5 da devandita orde, isto é, .mal uso a autorización concedida, cambio de circunstancias, molestias debidamente comprobadas aos vecinos ou produción de desórdes no contorno.. Con relación ao establecemento de referencia, constan reiteradas denuncias por causa de ruidos e molestias á veciñanza. Concretamente e só nos meses de outubro- novembro de 2019 acumula catro denuncias por molestias e ruidos a un veciño do edificio, sendo que do resultado das medicións efectuadas polos axentes da Policía Local despréndese un exceso na emisión de ruídos por parte do local e polo tanto unha suposta infraccion da ordenanza municipal de ruídos e vibracións

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local INFORMA DESFAVORABLEMENTE a solicitude formulada polo establecemento PUB DOLCE VITA, sobre ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis.

PRP2019/5571

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa solicitude presentada por D. Martín Vázquez Blanco, titular do establecemento "DIURNO", situado en Rúa Méndez Núñez nº 24-Baixo, no que solicita a ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis ata as 7:00 horas.

Dásde conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece no Artigo 5º.- "Competencia para horarios especiais. 5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:

a) Festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares.

....)

c) Cando o requira a duración do espectáculo.

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario ata as 04:00 hs., e polo tanto informa favorablemente a ampliación de horario de peche, con motivo da celebración das citadas festividades.

| Nº DE EXPTE XUNTA | LOCAL | Nº EXPTE CONCELLO | TITULAR | TIPO DE ACTIVIDADE AFORO LOCAL | DE LUNS A MERCORES E FESTIVOS Límite horario Art. 1 e tendo conta ampliación 1/2 hora (Art. 2) Orde 16/06/2005 | FESTAS DE NADAL Límite horario Art. 2 e tendo conta ampliación 1 hora (Art. 5) Orde 16/06/2005 | HORARIO ESPECIAL SOLICITADO A XUNTA |
|-------------------|--------|----------------------|-----------------------|--------------------------------|--|--|-------------------------------------|
| HE-53/19 | DIURNO | PROMECON/2019/000220 | MARTIN VAZQUEZ BLANCO | 2.7.2. BAR 54 persoas | Pasa de 02:30 hs. a 03:00 hs. | Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs. | ATA AS 7:00 HS. |

PRP2019/5572

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa solicitude presentada por D. Martín Vázquez Blanco, titular do establecemento "CAFE-CONCERTO BIANCO", situado en Rúa Xoan García nº 16-Baixo, no que solicita a ampliación de horario de peche para as noites de Noiteboa, Fin de Ano e Reis ata as 8:00 horas.

Dásde conta de que a Orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece no Artigo 5º.- "Competencia para horarios especiais. 5.1 Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:

a) Festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares.

....)

c) Cando o requira a duración do espectáculo.

A Xunta de Goberno Local, fai constar que non existe inconveniente por parte do Concello para o incremento do horario ata as 06:30 hs., e polo tanto informa favorablemente a ampliación de horario de peche, con motivo da celebración das citadas festividades.

| Nº DE EXPTE XUNTA | LOCAL | Nº EXPTE CONCELLO | TITULAR | TIPO DE ACTIVIDADE | DE LUNS A MERCORES E FESTIVOS | FESTAS DE NADAL Límite horario | HORARIO ESPECIAL SOLICITADO |
|-------------------|-------|-------------------|---------|--------------------|-------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|
|-------------------|-------|-------------------|---------|--------------------|-------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|

| | | | | | | | |
|----------|--------|----------------------|-----------------------|-------------------------------------|---|--|-----------------|
| | | | | AFORO LOCAL | Límite horario Art. 1 e tendo conta ampliación 1/2 hora Orde 16/06/2005 | Art. 2 e tendo conta ampliación 1 hora (Art. 5) Orde 16/06/2005 | A XUNTA |
| HE-52/19 | BIANCO | PROMECON/2019/000223 | MARTIN VAZQUEZ BLANCO | 2.6.9. CAFE CONCERTO 274 persoas | Pasa de 05:00 hs. a 05:30 hs. | Pasa de 05:30 hs. a 06:30 hs. | ATA AS 8:00 HS. |

PRP2019/5576

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por ANAKIÑOS S.C.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumplir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2019/5606

Dáse conta da realización e presentación da xustificación final da subvención TR351A 2019/14-5 SALVAMENTO E SOCORRISMO 2019 P. COOPERACIÓN, co seguinte resultado:

- Subvención ingresada pola Consellería de Economía e Industria: 24.000 €
- Subvención xustificada polo Concello. 23.737,98 e
- Diferenza (remanente): 262,02 €

A Xunta de Goberno Local acorda o reintegro do remanente citado (262,02 €) na conta do Tesouro da Xunta de Galicia, especificando "Remanente da subvención Expte nº TR351A 2019/14-5..

PRP2019/5625

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 189, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a utilización dos fondos do módulo B da subvención concedida para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro, por un importe de 27.072,00 € durante os 9 meses do seu funcionamento, para adquisición de ferramentas, materiais de prácticas e servizos precisos para o desenvolvemento do proxecto a medida que vaian xurdindo as necesidades correspondentes.

PRP2019/5626

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "FORME 19", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL , para o subministro de vestiario e EPIs dos 10 alumnos e persoal docente da especialidade de Pintura do Obradoiro, por un importe total de 1.195,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5627

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "FORME 19", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL , para o subministro de vestiario e EPIs dos 10 alumnos e persoal docente da especialidade de Atención sociosanitaria do Obradoiro, por un importe total de 1.241,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22199. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/5560

Dáse conta de informe da Técnica-Auxiliar de Medio Ambiente no que se indica:

Por acordo de Xunta de Goberno de 30 de setembro de 2019 concedeuse unha axuda de 66.637,65 euros á Mancomunidade montes veciñais en man común de Vilagarcía de Arousa. Esta cantidade desagregábase entre as comunidades pertencentes á Mancomunidade imputándosele á comunidade de montes de Sobrán unha cantidade de 9.250,04 euros. A solicitude desta Comunidade de Sobrán era de 10.876,24 euros.

No informe de data de 24 de setembro de 2019 da técnica-auxiliar de medio ambiente que acompaña á proposta para xunta de goberno de data de 30 de setembro establecíase que:

“Con respecto coa solicitude da Comunidade de Montes de Sobrán hai que dicir que a actuación solicita é principalmente a plantación de frondosa, (castanea x hybrida, carballo americano e carballo do país). A base 1.4 reguladora das axudas establece en canto ás actuacións subvencionables en materia de reforestación que son gastos subvencionables “a reforestación mediante a plantación de especies arbóreas e arbustivas AUTÓCTONAS”. Tendo en conta que o carballo americano non é unha especie arbórea autóctona, como se pode desprender do Anexo I da Lei 7/2012, de montes de Galicia, considérase que estas actuacións de reforestación NON poden subvencionarse no referente ao carballo americano.”

O día 28 de outubro de 2019 o representante da Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía presente escrito polo que solicita a aprobación da axuda para as unidades plantadas de carballo americano fundamentando que “pese a non ser unha especie autóctona, está instaurada en Galicia dende mediados do século XX e experimentou unha difusión nas últimas décadas, tanto en antigas terras agrícolas como en montes.

Xustifícase a elección desta especie para os rodais indicados na memoria presentada coa solicitude pola calidade do chan e pola necesidade de realizar unha barreira verde contra o lume. Neste tipo de chan o carballo do pais non sobrevivo, motivo polo que neste rodal da plantación substitúese polo carballo americano”.

A base 1.4.1 das axudas publicadas do BOPPO de 10 de xullo de 2019 en canto á reforestación establece que serán gastos subvencionables “a reforestación mediante a plantación de especies arbóreas e arbustivas AUTÓCTONAS”.

Tendo isto en conta a subscribite considera que, se atendemos á literalidade das bases, a reforestación feita pola Comunidade de montes de Sobrán en canto ao carballo americano non debería subvencionarse por non ser especies AUTÓCTONAS.

Por todo isto, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, acorda desestimar o recurso presentado pola Mancomunidade, mantendo o acordo de Xunta de Goberno Local de 30 de setembro de 2019.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/5556

Dáse conta do recurso de reposición interposto por Dona Hilda Mara Hernández Ramírez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2019, que desestimaba a reclamación de danos formulada por presuntos danos sufridos como consecuencia de meter un pe nunha arqueta que tiña a tapa fora de sitio cando camiñaba pola Praza do Castro.

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2019.

CULTURA

PRP2019/5607

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación coa absorción da EmpresaTicketea por parte da multinacional Eventbrite, sendo o último dia que se poderán comprar ou vender tickets na plataforma Ticketea o 31 de decembro de 2019.

Dado que a Empresa Ticketea foi absorbida pola multinacional Eventbrite, dedicada á venda de entradas, esta fixo unha proposta ao Concello de prestación do servizo cunhas condicións diferentes ás asinadas con Ticketea

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda dar por finalizado o convenio entre o Concello e a Empresa Ticketea SL para a venda de entradas dos eventos a desenvolver no Auditorio Municipal. e Salón García con efectos do día 31 de decembro de 2019.

PRP2019/5608

Dáse conta do borrador do Convenio, para a súa posterior sinatura, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACIÓN) para a distribución e venda de entradas correspondentes ás actividades incluídas na Programación de Espectáculos, actividades recreativas ou artísticas e eventos culturais análogos organizados ou acollidos polo Concello, a través do servizo "ATaquilla.com".

O prazo de duración do convenio será de un ano a contar dende o 1 de xaneiro de 2020.

Establecense as seguintes comisións:

4.1. Para os eventos organizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa

A cargo do Concello de Vilagarcía de Arousa: unha comisión do cero por cento (0%).

A cargo do comprador, en venda anticipada:

- Para prezos de entrada superiores a 5 €, 8% sobre o prezo, cos seguintes mínimos:
 - Web: 0,75 €
 - Teléfono: 1 €
 - Billeteira anticipada: 0,75 €
- Para prezos de entrada de 5 € e inferior, 8% sobre o prezo, cos seguintes mínimos:
 - Web: 0,25 €
 - Teléfono: 0,50 €
 - Billeteira anticipada: 0,25 €

En caso de cancelación dos eventos, Afundación percibirá unha comisión dun un por cento (1%)

a incrementar sobre o prezo das entradas devoltas.

4.2. Para os eventos organizados por un terceiro, distinto do Concello de Vilagarcía de Arousa, cun convenio pre-establecido con Ataquilla.com, e celebrados nos recintos adscritos ao propio Concello, Afundación aplicará unhas condicións específicas.

4.3. Para os eventos cuxas vendas sexan canalizadas soamente a través de billeteira o día do evento:

A cargo do Organizador do evento, sexa o Concello ou un terceiro, co que non existe un acordo pre-establecido con Ataquilla.com:

- 0,25 € por ticket impreso

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o borrador do citado convenio nas condicións citadas anteriormente.

CONTRATACIÓN

PRP2019/5562

A Xunta de Goberno Local de data 11 de febreiro de 2019 acordou:

1.- Aprobar a memoria valorada redactada polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Álvarez González, denominada “Instalación de sistema de seguridade e vixilancia no Parque Empresarial de Trabanca Badiña”, cun importe de licitación de 49.457,60 € (IVE engadido).

2.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro das bases de axudas para investimento na mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, publicadas no Diario Oficial de Galicia nº 7, do 10 de xaneiro de 2019, unha subvención nos seguintes termos:

a) Solicitar unha subvención por importe de 39.566,08 € (80% do orzamento da memoria valorada).

b) Colaborar no financiamento da inversión cunha achega municipal de 9.891,52 € (20% do orzamento da memoria valorada) con cargo á partida orzamentaria 453.61900.

3.- Solicitar autorización á Subdelegación do Goberno de Pontevedra para a instalación do sistema de seguridade e vixilancia no parque Empresarial de Trabanca Badiña, consistente na instalación de cámaras de gravación para o control de zonas de paso no Polígono citado.

4.- Comunicar o presente acordo á Policía Local.

Por resolución da Consellería de Economía, emprego e Industria, do 10 de maio de 2019 concedeuse unha subvención por importe de 39.566,08 e, equivalente ao 80% do investimento.

Ao non terse autorizado pola Subdelegación do Goberno non puido realizarse a instalación, polo que non é posible xustificar a subvención concedida.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/5610

Dáse conta do escrito remitido por Augas de Galicia solicitando autorización para realizar estudo xeotécnico necesario para desenvolver o PROXECTO CONSTRUTIVO DA OBRA DE MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, onde se proxecta a construcción de depósitos anti-DSU.

Dáse conta de informe favorable do Enxeñeiro Técnico Industiral D. Oscar Álvarez Gónzalez.

A Xunta de Goberno local acorda autorizar a Augas de Galicia a realización do estudo xeotécnico indicado, baixo as seguintes condicións:

1.- Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se puideran derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.

2.- As obras executaranse cumplindo tódalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/5568

A Xunta de Goberno Local acorda:

1- Convalidación de gasto mediante informe da Concelleira para o xustificante de gasto, que de seguido se relaciona e que se integran na relación de facturas F/2019/170 co seguinte detelle:

| Nº FACTURA | REXISTRO CONCEPTO | IMPORTE | APLICACIÓN |
|---------------|---|---------|------------|
| 2019/8224 | PUNTO INFO-DROGAS na Festa da auga 2019 da ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS. | 277,20 | 2311-22699 |

2-Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/170, por importe de 13.854,86 € co seguinte desglose:

| REG. | Documento | Fecha Doc. | Importe | Progr. | Econ. | Nombre Ter. | Texto Libre |
|-----------------|-------------------|----------------|---------|--------|-------|---|--|
